

# BASES DA II RUTA DO PINCHO DE VERÁN

2010

O Concello de Carballo, a través da Concellería de Promoción Económica, convoca a participación na II Ruta do Pincho de Verán, co obxecto de promocionar os establecementos do núcleo urbano, segundo as seguintes bases:

## 1º. PARTICIPANTES

Poderán participar todos aqueles establecementos, restaurantes e bares, situados no núcleo urbano de Carballo.

## 2º. RECEITAS

Os pinchos serán necesariamente de elaboración propia e só se admitirán as receitas que se poidan servir ou elaborar como tapa, non admitíndose aquelas que poidan entenderse como pratos ou racións. Deberán realizarse receitas temáticas e creativas e cunha presentación coidada.

Cada establecemento colaborador presentará un pincho distinto cada día de celebración do evento, e deberá entregar, de forma previa ao inicio da ruta, a listaxe dos pinchos participantes, así coma publicar no propio local, cada día da ruta, o pincho do día.

As tapas serviranse de forma gratuíta con cada consumición.

## 3º. PREMIOS

Os clientes participantes na II Ruta do Pincho de Verán poderán participar no sorteo de dous premios.

## 4º. DATAS

A ruta terá lugar os sábados e domingos, entre os días 7 e 29 de agosto, no seguinte horario:

- Sábados e domingos de 13:00 a 15:00 horas e de 20:00 a 22:00 horas.

## 5º. INSCRICIÓNS

Os establecementos interesados deberán presentar na Oficina de Información Turística antes das 20:00 horas do **día 28 de xullo de 2010** a correspondente solicitude, que suporá a plena aceptación destas bases.

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA  
II RUTA DE PINCHO DE VERÁN  
2010**

D./Dna. \_\_\_\_\_  
actuando en representación da entidade \_\_\_\_\_ con  
domicilio social na rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_  
C.P. \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_

EXPÓN:

Que coñece e acepta as bases da II Ruta do Pincho de Verán e que cumpre os requisitos establecidos nelas.

SOLICITA:

Que sexa incluído como local participante na devandita II Ruta do Pincho de Verán

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010

Asinado

Os datos de carácter persoal recollidos na documentación entregada polos participantes serán tratados en conformidade coa Lei Orgánica 15/99, de Protección de Datos de carácter persoal e normativa acorde. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de constancia dos participantes.

